



EXPEDIENTE: 2418 / 440

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

INFORME

O 24 de abril de 2014, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu orde de servizo, para a tramitación dun expediente de gasto menor para a contratación das obras de reparación dos aleros da fachada este, situada sobre os garaxes e oficinas da Policía Local, da Casa Consistorial. Nesta resolución faise constar que a tramitación do expediente, no relativo ao proceso de contratación, atenderá as Instrucións sobre a tramitación de contratos de obras menores ditadas polo Concelleiro-delegado da Área de Fomento o 30/05/2013.

O presuposto estimouse en 45.950,53 € (IVE incluído), segundo a memoria valorada da apareladora municipal de abril de 2014 aprobada pola citada resolución do Concelleiro-delegado de 24/04/2014.

Consta no expediente a acta de replanteo pertinente asinada pola Aparelladora municipal con data de abril de 2014.

O 7 de maio de 2014 infórmase pola Intervención Municipal a existencia de saldo de crédito dispoñible para atender o gasto.

O 16 de maio de 2014 se publica no Perfil do Contratante da páxina Web municipal o anuncio para a contratación de ditas obras a través do procedemento de contrato menor, no que se sinala como data límite para a presentación das ofertas o 24/05/2014.

Atendendo as Instrucións sobre a tramitación de contratos de obras menores para a Área de Fomento, na sesión pública do 30 de maio de 2014, a Comisión de Valoración das ofertas procede a apertura dos sobres que conteñen as proposicións económicas e documentación persoal presentadas polos licitadores, resultando que a mellor oferta das admitidas foi a presentada pola mercantil REHABILITACIONES Y CONSTRUCCIONES SAUDINO, S.L., por un importe de 32.670,00 euros (IVE incluído). Da sesión levantouse acta, que foi publicada no Perfil do Contratante da páxina Web municipal o 3 de xuño de 2014.

Tendo en conta o acordado en dita sesión, o Xefe da Área de Fomento comproba a documentación persoal deste licitador e emite informe o 03/06/2014 no que sinala que esta é correcta, quedando así certificadas as condicións de aptitude para contratar, e que procede continuar coa tramitación do expediente.

Nesa mesma data, se notifica ó citado licitador a acta por correo electrónico, xunto co requirimento de que aporte xustificante de ter depositado na Tesourería Municipal garantía dun 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE, en calquera das formas previstas no art. 96 do TRLCSP, nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do da notificación (recepción do correo polo interesado o 03/06/2014).

Segundo mandamento de ingreso nº 201400034606 de data 5 de xuño de 2014 (dentro do prazo conferido), REHABILITACIONES Y CONSTRUCCIONES SAUDINO, S.L. constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 1.350,00 euros, para responder do cumprimento do contrato.

Á vista do exposto, faise a seguinte

PROPOSTA

1. Adxudicar o contrato menor relativo as "obras de reparación dos aleros da fachada Este do edificio do Concello de Vigo" á mercantil **REHABILITACIONES Y CONSTRUCCIONES SAUDINO, S.L.**, por un importe total de 32.670,00 euros, IVE incluído (Base impositible 27.000,00 €, tipo IVE 21%, importe IVE 5.670,00 €), por ser a oferta economicamente mais vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricte suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 24 de abril de 2014 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de UN MES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
Expediente 2418/440

Data impresión: 12/06/2014 13:19 Páxina 1 de 2
Código de verificación: 22E43-34D4E-ED3DE-35D2B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe de **32.670,00 euros** (Base imponible 27.000,00 €, tipo IVE 21%, importe IVE 5.670,00 €) para a realización das obras de reparación dos aleros da fachada Este do edificio do Concello de Vigo, a prol da empresa **REHABILITACIONES Y CONSTRUCCIONES SAUDINO, S.L. (B-27.747.567)**, con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
9220	2120000		32.670,00	CONSERVACION E REPA. DEPENDENCIAS MUNICI

3. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcar-la totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
4. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil do contratante da páxina web municipal.
- Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.
5. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

SGA/

O Xefe da Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal

Conforme,
o/a Concelleiro/a Delegado/a de
Economía e Facenda
(Resoluc. 30/05/2014)

Carlos López Font





EXPEDIENTE: 2418 / 440

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e Acordos da Xunta de Goberno Local de 8 e 15 de febreiro de 2013),

RESOLVO:

1. Adjudicar o contrato menor relativo as "obras de reparación dos aleros da fachada Este do edificio do Concello de Vigo" á mercantil **REHABILITACIONES Y CONSTRUCCIONES SAUDINO, S.L.**, por un importe total de 32.670,00 euros, IVE incluído (Base imponible 27.000,00 €, tipo IVE 21%, importe IVE 5.670,00 €), por ser a oferta economicamente mais vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricta suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 24 de abril de 2014 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de UN MES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe de **32.670,00** euros (Base imponible 27.000,00 €, tipo IVE 21%, importe IVE 5.670,00 €) para a realización das obras de reparación dos aleros da fachada Este do edificio do Concello de Vigo, a prol da empresa **REHABILITACIONES Y CONSTRUCCIONES SAUDINO, S.L. (B-27.747.567)**, con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
9220	2120000		32.670,00	CONSERVACION E REPA. DEPENDENCIAS MUNICI

3. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
4. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil do contratante da páxina web municipal.
Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estímen procedente conforme a dereito.
5. Conceder aos licitadores que non resultaron adjudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

AC/

Asinado dixitalmente por
O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal

Carlos López Font

